

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	FRIOL
Edificio	Igrexa de San Xiao de Carballo
Dirección	Lugar do Carballo, s/n. 27228
	43.026943 -7.863759
Protección	
Descrición	A exuberancia ornamental da igrexa de San Xiao do Carballo é unha proba do cariño co que foi tratada polos veciños, quen mediante doazóns foron dotando ó conxunto dunha rechamante riqueza en imaxinaría e en decoración pictórica. Aínda que a maior parte das intervencións son xa tardías, do S.XIX, o resultado é bastante sorprendente. Proba disto son as pinturas do teito da capela lateral esquerda, pintada no ano 1865, segundo consta no rótulo do tímpano de madeira no arco de acceso. As pinturas, feitas sobre madeira, representan ó tetramorfos cos seus correspondentes símbolos. Os evanxelistas parecen habitar un espazo metafísico, propio de quen permanece baixo inspiración divina. Están pousados sobre nubes e sobre fondos dourados, recurso que, ademais de dotar ó ambiente dunha aparente riqueza, foi habitual na arte cristiá para aludir á intemporalidade, á negación dos espazos cuantificables e, en definitiva, ó sobrenatural. A calidade das pinturas tal vez sexa mediocre, pero non se lle pode negar un encanto un tanto "naif". A parte central presenta un traballo de carpintaría que recolle os xa afastados ecos do rococó.
Campás	2 campás.
Fotos	3
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	09-07-2024

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	ANÓNIMO (GALICIA)	1841	50	72
Espadana	Maior.	CAGIGAL PEREDO, JOAQUÍN DE	1816	60	125

Información completa: [Igrexa de San Xiao de Carballo - FRIOL \(GALICIA\)](#)

PDF (14-09-2026)